

Ampla programación de actividades familiares para as festas

## Pista de xeo, carruseis e cabalgata de Reis este Nadal

Páxina 11



Concello de  Oleiros

Nova oficina de Servizos Sociais e Igualdade en Casa Etcheverry

Páxina 9

# Vivir en Oleiros

Número 70  
Novembro 2021  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O patinador de Dorneda ganou o mundial júnior de patinaxe artística



## Lucas Yáñez, outro oleirense campión do mundo

■ Con 17 anos cumpridos recentemente, Lucas Yáñez arrasou no mundial de patinaxe artística celebrado en Paraguay. Cunha actuación impecable superou a todos os seus rivais e converteuse no mellor patinador do mundo en categoría júnior. Os anos de esforzo e dedicación acabaron por materializarse cun éxito deportivo extraordinario.

Páxina 16

## O Concello asume un terzo do gasto do alumnado das escolas infantís

Aínda que o ensino é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, o Concello financia o 33% dos gastos das escolas infantís públicas. As 4 escolas que existen no municipio, que ofrecen 317 prazas, foron creadas e xestionadas polo Concello ata 2008.

Páxina 10

Finca Tenreiro, obra final en 2022

Páxina 4

Inaugurada a pista de patinaxe de velocidade

Páxina 15

As casas municipais de préstamo están dispoñibles

Páxina 18

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA  
Páxina 23



## Alternativa dos Veciños

# Ilusión e convivencia

Estamos a atravesar un momento de cambio social e cultural profundo. A pandemia acelerou a revolución dixital e acabou por consolidar novos hábitos cotiáns. Da maneira que está a artellarse o mundo resulta complicado escapar dese novo modelo social e económico que nos está a deixar consecuencias excesivamente daniñas no noso entorno máis próximo: illamento social, acomodamento, falta de conciencia crítica, deshumanización, insolidariedade, incremento de enfermidades mentais, intolerancia, desindustrialización, destrución de pequenas e medianas empresas...

A riqueza e a diversidade cultural dos pobos do mundo é outra das grandes prexudicadas de todo ese proceso. Tan só aquelas comunidades máis illadas e que menos interese económico espertan entre

os poderosos resisten á imposición dun modelo único e dominante por parte de medios, redes e gobernos.

Azoutados por todo iso, aquí, neste recuncho do planeta, estamos a alzar a voz e a loitar coas nosas humildes armas. Como xa sabedes, a nosa é unha mentalidade aberta, tolerante e sen sectarismos. Tal é así que, desde o Goberno municipal, levamos décadas abrindo de par en par as xanelas de Oleiros á diversidade e á multiculturalidade internacional, apostamos pola convivencia e a integración, fomentamos a cultura en toda a súa extensión e conseguimos facer da política unha ferramenta de participación cidadá verdadeira e efectiva.

Atopámonos xa ás portas do Nadal, unha das nosas tradicións máis importantes. Máis alá de crenzas e relixións, non queremos deixar que

os grandes valores destas festas se evaporen. A convivencia familiar, os reencontros cos amigos, a alegría e as celebracións, a gastronomía, a música e as panxoliñas de sempre... pero ante todo, a ilusión dos nenos e nenas.

Son os Reis Magos os artífices dun dos momentos máis especiais que se pode vivir durante a infancia. O pasado ano, a pandemia e a falta de compromiso político, arrebatoulle aos nenos e nenas de case toda España. Non foi o caso de Oleiros, que ante a imposibilidade de que as entidades organizasen as festas de sempre, puxemos ese autobús descapotable desde o que Melchor, Gaspar e Baltasar fixeron tan felices os nosos nenos e nenas. Dada a extraordinaria acollida, e en coordinación coas asociacións de veciños para organizar actividades paralelas, o vindeiro

5 de xaneiro volverá haber cabalgata no Concello de Oleiros.

Ademais da visita dos Reis e dun programa de cine infantil, a convivencia e o lecer familiar durante estas datas contará con outro novo atractivo. Do 22 de decembro ao 6 de xaneiro haberá unha gran pista de xeo e carruseis infantís, a prezos simbólicos, en Perillo e Santa Cruz. Ante a imposibilidade de levar estas actividades a todas as parroquias, optamos polas dúas localidades mellor comunicadas para facilitar os desprazamentos.

Esa é a nosa maneira de construír ese Oleiros moderno e vangardista, que avanza e que tamén está concienciado para non renunciar á súa idiosincrasia. Involucrémonos todos e todas. Tezamos un futuro de humanidade, convivencia, progreso e paz.



## Partido Popular de Oleiros

### O alcalde de Oleiros volve culpar aos americanos a propagación da pandemia. Preséntase no último pleno, unha vez máis, sen mascarilla.

Con motivo do debate dos Orzamentos Xerais do Concello para o 2022 e en contestación aos reproches da oposición sobre a "moi cutre" cuantía das partidas destinadas a Servizos Sociais, García Seoane asegurou que o aumento do número de familias que precisan asistencia debíase aos efectos da pandemia, apostillando que esta obedecía ao interese de "americanos e outros" en acabar coa clase media. Non é a primeira vez que García Seoane fai este tipo de afirmacións

conspiranoicas xa que, segundo el, no pasado foi espiado pola Cia e o Mossad.

"Son acusacións na mesma liña que unha longa tradición de ditadores sudamericanos ven practicando e que consiste, basicamente, en culpar da súa incompetencia ao país veciño máis próximo, unha clarísima manobra de distracción." asegurou Bonome. "Gelo fai igual, os seus triunfos son da súa exclusiva titularidade e os seus

fracasos teñen a súa causa en terceiros. Nunca ve a viga en ollo propio"

En consecuencia con esta mesma liña do seu relato, que entremezcla a negación e a conspiración, García Seoane presentouse no pleno sen mascarilla e mantívose así durante as máis de 2 horas que durou a sesión. Xa nos últimos plenos e pese a non manter as distancias obrigatorias dos seus compañeiros de bancada, prescindiu da súa utilización poñendo en risco a toda

a corporación, os seus empregados e público asistente.

"O problema é que cando se levan 40 anos gobernando sobre o mesmo territorio, facendo e desfacendo segundo antolla, un considérase o propietario, non só da superficie senón de todo canto se levanta ou se organiza nel e, polo tanto, establece ao seu paso as normas de "uso, disfrute e admisión" como se dunha discoteca se tratara" lamentou o Portavoz Popular.



## Grupo Municipal Socialista

### ESIXIMOS UNHA SOLUCIÓN URXENTE ÁS INUNDACIÓNS:

Os socialistas de Oleiros esiximos unha solución rápida, satisfactoria e definitiva ó grave problema que supón o anegamento dos fogares de varias familias do concello, así como

as disculpas públicas do alcalde, tralas desafortunadas declaracións deste en varios espazos das radios locais.



## Bloque Nacionalista Galego

### Monumento natural, non zona verde urbana

A Costa de Dexo-Serantes é o máis importante dos tesouros ambientais e patrimoniais que temos en Oleiros, con permiso dos demais. Os valores que encerra acreditárona no seu día para ser protexida como monumento natural e parte da chamada Rede Natura 2000 como zona de especial conservación (ZEC); é, así mesmo, zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas. Protexer un espazo natural non quere dicir gardalo nunha urna de cristal: hai actividades humanas compatíbeis coa conservación dos valores ambientais e patrimoniais que atesoura o Monumento Natural. O que habería

que facer —e pasa con outros moitos espazos protexidos en toda Galiza— é definir con claridade uns criterios: que usos ou actividades son compatíbeis coa protección do territorio. É necesario para iso elaborar un plan director e articular mecanismos participativos que impliquen a xente que vive ou ten terras dentro do espazo protexido: un de moito éxito alí onde xa se aplica é o modelo de custodia do territorio. A protección dos espazos naturais non chega se só é no papel. Agora mesmo estanse desenvolvendo actividades humanas no Monumento Natural nada compatíbeis cos valores que levaron a protexelo no seu momento.



## Ciudadanos

Desde Ciudadanos congratulámonos de que o Goberno Municipal decidise recuperar o espírito do nadal coas instalacións que se ubicarán en Perillo e Santa Cruz, así como coa cabalgata de reis.

Desexamos a todos os oleirenses unhas magníficas navidades e un

bo ano 2022, no que o noso grupo municipal seguirá apoiando todas as iniciativas que sexan boas para Oleiros, independentemente do grupo político que as propoña.



# EDITORIAL • O odio mata

◆ Nunha sociedade moderna e democrática, os distintos partidos políticos que a conforman deben levar a cabo políticas públicas honestas, tomando decisións que contribúan a solucionar os problemas que a cidadanía e os propios gobernos consideren prioritarios, sempre co obxectivo de aumentar o benestar social da súa poboación en igualdade de oportunidades.

Pero non sempre é así porque hai grupos políticos empeñados en desprestixiar as institucións e polo tanto a democracia desvalorizando este sistema a niveis denigrantes. É o seu xeito de manifestar a impotencia de non ter acadado democraticamente o poder institucional para satisfacer a súa ambición persoal ou de partido.

Hoxe en día as ideoloxías están polo chan e a consecuencia disto temos carencia de liderados e de proxectos pensados para a cidadanía e, por iso tamén, calquera charlatán ou *vividor* do alleo pode colocarse, ou ser colocado, con malas artes, nas cúpulas e órganos de dirección dos partidos á sombra dalgún padriño corrupto que aínda espera seguir sacando proveito se chega de novo ao poder.

A podremia (descontento cos) dos partidos clásicos e maioritarios fixo florecer novas formacións que presuntamente ían ser un sopro

de aire fresco que reconduciría e revalorizaría as institucións do estado pero os seus liderados creados, na maior parte dos casos, en fundacións arcaicas e degradadas, arroupados con importantes campañas mediáticas, que se mostraban á cidadanía como adais do sistema democrático e participativo: boa presenza, xuventude, piquiños de ouro ou charlatáns, como se queira ver... convertéronse en moita leña verde e fume que acabaron consumíndose sen deixar ningunha brasa.

A fraude desa nova casta política foi precisamente o que fixo florecer as políticas populistas e falaces de sectores xenófobos nos que milleiros de cidadáns e cidadás están a depositar o seu voto ignorantes da gravidade que ten alimentar o odio e o fanatismo daquelas persoas que pensan que España lles pertence.

É necesario sacar a venda dos ollos e poñer tapóns nas orellas para que non entren certas mensaxes. É importante pensar por nós mesmos e actuar en cada momento da vida analizando o porqué das cousas antes de tomar a decisión de apoiar políticas que socaven os cementos da democracia. Hai que pensar na familia, no futuro dos fillos e netos. Entre todos e todas, a través do diálogo e a convivencia, estamos obrigados a crear un mundo mellor e en paz. O odio mata.





# Última fase da recuperación da Finca Tenreiro



◆ A principios do vindeiro ano vai realizarse a obra de finalización da rehabilitación do parque e do edificio principal da Finca Tenreiro, en Nós. Remataranse os últimos traballos de xardinería e realizaranse as obras de restauración total do edificio para crear un albergue xuvenil que permita a realización de campamentos municipais e hospedaxe de entidades de fóra de Oleiros, que realicen intercambios culturais ou deportivos con sociedades de Oleiros.

Esta actuación ten un custo total de 457.400,84 euros. O alcalde logrou unha subvención na Deputación de 300.000 euros para esta obra.



## Nova biblioteca municipal medioambiental no Pazo de Lóngora

◆ Nas vindeiras semanas procederáse á apertura dunha nova biblioteca municipal no Pazo de Lóngora, nas antigas cortes. Ademais da dotación de novos fondos, incorporáronse todos os materiais bibliográficos existentes na actual biblioteca do CEIDA do Castelo de Santa Cruz.

A Fundación Amancio Ortega financiou con 260.000 euros o custo íntegro desta obra e o traslado dos libros.

## Contratada a redacción do proxecto para a construción do multiusos de Bastiagueiro

◆ Están a ultimarse os detalles do proxecto de construción dun edificio multiusos para actividades deportivas e culturais en Bastiagueiro, nos terreos de propiedade municipal ubicados entre o estadio do INEF e da pista de skate. O investimento nesta obra será de 6,5 millóns, que está previsto repartir en dúas anualidades (2022 e 2023), cunha partida inicial de 3 millóns para o vindeiro ano.

A instalación terá capacidade para 2.000 persoas e estará dotada de diversas salas, con posibilidade de adaptarse aos distintos tipos de espectáculos e ao público asistente. Este novo recinto permitirá a celebración de espectáculos musicais, culturais e deportivos relevantes.

## O Concello recibe unha doazón de pezas de arte valorada en máis dun millón de euros

◆ Un cidadán realizou unha doazón ao Concello de diversas pezas de arte valoradas inicialmente en máis dun millón de euros. Trátase dunha ampla colección de todo tipo de obras que foron entregadas gratuitamente ao Concello coa única condición de que se expuxese ao público de maneira conxunta nun mesmo recinto. Unha vez rematado o inventariado e a clasificación de todas as pezas, procederáse á súa mostra coa creación dun novo museo nas salas que actualmente servían como biblioteca no Castelo de Santa Cruz.



## Reurbanización total da rúa do Souto ▼



◆ Avanzan as obras de creación e ampliación de beirarrúas na rúa do Souto, desde A Ferrala ata As Torres de Santa Cruz. Con esta actuación, de 518.181,82 euros, mellórase considerablemente a seguridade viaria e créase unha grande avenida nesta rúa, que pasa de 8 a 16 metros de ancho.

O proxecto foi redactado polo Concello, que consensuou cos veciños as cesións necesarias. A financiación da obra corre a cargo da Deputación.

## Consolidación de beirarrúas no centro de Mera ▼



◆ Están a construírse beirarrúas na rúa Doutor Fleming e na rúa do Xabre, ata o auditorio Gabriel García Márquez. Crearanse tamén novas zonas de estacionamento para vehículos. O Concello contratou esta obra por 191.204,20 euros.

Esta actuación demorouse pola incomprensión dalgunos veciños en relación ás cesións e compensacións municipais.

## Así protexe as árbores o Concello ▼



◆ As políticas de protección medioambiental que aplica o Goberno municipal son visibles por todo o municipio. En calquera nova infraestrutura ou desenvolvemento urbanístico a conservación das árbores senlleiras existentes é prioritaria, obrigando a modificar trazados viarios ou a realizar todo tipo de cambios necesarios. Neste caso do centro de Perillo conservouse un piñeiro centenario colindante coa rúa do Pombal.



## En marcha a renovación de 2.216 puntos de luz ▼



◆ Estanse a substituír as luminarias en 32 núcleos do municipio por novas luces led. O Concello inviste 1,3 millóns de euros procedentes da Unión Europea para mellorar a eficiencia enerxética da iluminación pública.

## Contratada a obra de ampliación da ponte de Arenaza ▼

A Deputación da Coruña, a petición do alcalde, aprobou a contratación das obras de construción dunha pequena ponte en Iñás, nas inmediacións da urbanización Arenaza sobre a estrada provincial que vai de Oleiros a Pravio, para dar saída ás augas que desde o linde con Sada baixan cara á ría da Pasaxe. A Deputación financia esta obra na súa totalidade, non necesitando expropiar terreos dado que nas dúas cabeceiras da ponte hai parques municipais.

Esta é unha actuación moi necesaria para acabar cos episodios puntuais de inundacións e desbordamentos nesta zona. A obra ascende a 93.500 euros.

## Finaliza a pavimentación das rúas Manuel Murguía e Anido ▼



◆ O Concello procedeu a rematar as obras de asfaltado das rúas Anido e Manuel Murguía, en Nós. A realización destes traballos atrasouse máis do debido dado que tanto Telefónica como Fenosa non procedían a retirar os postes existentes.

## Mellora da seguridade viaria coa rotonda da Chasqueira ▼



◆ Están a realizarse as obras de construción dunha rotonda no punto no que conflúen as estradas Iñás-Pravio e San Pedro de Nós-Cecebre. O Concello demandara esta obra en varias ocasións á Deputación, por tratarse dun punto negro na circulación. O custo desta actuación é de 383.677,40 euros.

**INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL ▼**

**Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros**

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)



# O Concello ten á venda parcelas para vivendas unifamiliares ▼



◆ Na nova urbanización de Xaz, en Dorneda, o Concello conta con 9 parcelas á venda de entre 600 e 615 metros cadrados nas que se pode construír unha vivenda illada ou dúas pareadas. O prezo de cada un destes terreos é de 150.491,99 euros. As persoas ou empresas interesadas na súa adquisición deben dirixirse á Secretaría Xeral do Concello.

Tamén está dispoñible para a súa adquisición inmediata unha parcela de 538 metros cadrados en Iñás, na Avenida Espoz y Mina 1, por 83.000 euros; unha parcela de 930 metros cadrados no Carballo, na avenida das Mariñas 122, por 129.477 euros; e unha parcela en Oleiros, na Pezoca, de 537 metros cadrados, na que é posible edificar 5 vivendas, por un prezo de 223.167 euros.

**Todas estas parcelas entréganse completamente urbanizadas e contan con todos os servizos e conexións.**

## Próxima licitación de terreos para construción de pisos

### PARCELAS PARA PISOS LIBRES

LOCALIDADE	VIVENDAS	M <sup>2</sup>	EUROS
■ MERA (CIVIDANES)	15	745,77	734.365,86
■ OLEIROS (A RABADEIRA)	14	809,52	452.478,01
■ DORNEDA (XAZ)	28	4.471,36	1.293.230,40
■ DORNEDA (XAZ) Proindiviso 44,87%	9	2.933,02	414.480,34

◆ Nas vindeiras semanas o Concello vai realizar unha poxa pública de distintas parcelas nas que se poden construír edificios de vivendas colectivas. Hai terreos tanto para pisos de venda libre como para pisos de prezo taxado, situados en lugares inmejorables, dun elevado atractivo para posibles compradores.

### PARCELAS PARA PISOS DE PREZO TAXADO E DE PROTECCIÓN

LOCALIDADE	VIVENDAS	M <sup>2</sup>	EUROS
■ PERILLO (CORREDOIRA DAS VIÑAS)	10	1.642,03	607.683
■ MERA (CIVIDANES)	19	915	550.628,49
■ DORNEDA (XAZ)	10	2.933,02	263.589,67
■ OLEIROS (A RABADEIRA)	8	370,72	208.469,19

*A xestión urbanística que realiza o Concello permite a obtención gratuíta destas parcelas para, posteriormente, sacalas á venda e financiar novas obras e servizos públicos.*



# Creación dun novo parque infantil en Mesón da Auga ▼



◆ Atópanse en execución as obras de creación dun novo parque infantil na urbanización Mesón de Auga. Nunha nova situación máis soleada e menos húmida, adaptaranse os xogos xa existentes e dotarase a instalación doutros novos. O custo total é de 69.072,47 euros.

## Instálanse 11 novas marquesiñas ►

◆ Procedeuse á renovación das 11 marquesiñas do municipio que presentaban unha maior deterioración. Está previsto continuar instalando este novo modelo nunha segunda fase, na que se irán substituíndo as marquesiñas en peor estado por outras novas, que se colocarán nos núcleos que demandan os veciños.



## Un novo obradoiro de emprego permite a contratación de 20 veciños e veciñas en paro

◆ A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeulle ao Concello o Obradoiro Dual de Emprego denominado “Realización de Mobiliario Urbano e Restauración de Zonas Verdes Municipais”. Ademais da contratación de 5 persoas para docencia e administración, un total de 20 veciños e veciñas de Oleiros en situación de desemprego forman parte desta actividade formativa coa que reciben unha remuneración mensual de 950 euros, máis as correspondentes pagas extras.

O alumnado participante neste obradoiro fórmase nas especialidades de carpintería -10- e xardinería –outros 10-. Todas aquelas persoas que finalizan satisfactoriamente o obradoiro teñen a continuación un contrato nunha empresa por un prazo mínimo de 3 meses.

A subvención concedida por parte da Xunta para a realización desta actividade formativa é de 346.946 euros. A achega municipal é de 22.784,67 euros.





# Casa Etcheverry, centro de atención de Servizos Sociais e Igualdade ▶



■ *O edificio tamén continuará funcionando como centro social e casa de préstamo*

◆ Están a piques de finalizar as obras de mellora e adecuación a novos usos de Casa Etcheverry. O edificio pasará a albergar o punto de atención municipal de Servizos Sociais e Igualdade que ata o momento se atopaba no Torreón Bescansa e co que se está a facilitar considerablemente o acceso a este servizo público á cidadanía, especialmente a aquelas persoas con máis dificultades para desprazarse.

Unha vez finalizada a obra, programaranse actividades para persoas maiores e tamén seguirá funcionando na planta baixa como casa de préstamo prioritariamente para mozos e mozas para reunión e festas. En total o Concello investiu 168.637,46 euros nesta obra.



## Reparto de 30.000 kg de alimentos entre 376 familias en situación de vulnerabilidade ▼

◆ Están a repartirse estes días 30.000 kg de alimentos non perecedoiros procedentes da Unión Europea entre as 376 familias que neste momento se atopan en situación de emerxencia social no municipio. Para evitar estigmatizacións, todas as persoas son citadas en horarios concretos para que poidan recoller os alimentos que necesitan sen ter que agardar nin facer colas.

Ademais deste reparto de alimentos, o Concello está a axudar a todas estas persoas mediante a entrega de bonos para acceder a produtos frescos en supermercados; custeando integramente o comedor escolar dos nenos e nenas destas familias; entregando axudas para o pagamento do aluguer ou a factura da luz, a compra de electrodomésticos e artigos imprescindibles no fogar, gafas ou dentista; asumindo os gastos de medicamentos etc. A todo isto súmase o forte investimento no Servizo de Axuda no Fogar, para a atención de persoas maiores e dependentes nos seus domicilios.

## Bolsa reivindicativa polo 25-N ▶

◆ Con motivo do Día contra a Violencia de Xénero, entre outras iniciativas, o Concello vai distribuír unha bolsa cunha mensaxe reivindicativa. O lema foi elixido mediante votación pública, a través das redes sociais do Concello, cunha participación de máis de 1.000 persoas.

Estas bolsas entregaranse gratuitamente ata esgotar existencias os días 24 e 25 de novembro no edificio municipal de Servizos Sociais e Igualdade (rúa Obelisco), en horario de 9.00 a 15.00 horas.





# Sabías que o Concello paga un terzo do custo de cada alumno/a das escolas infantís públicas? ▼

■ *Todos os centros foron construídos polo Concello*

◆ Oleiros foi un municipio precursor na creación de escolas infantís públicas. Dada a preocupación que sempre tivo o Goberno local por contar cunha educación pública de calidade e para facilitar a conciliación familiar, malia que as competencias no ámbito do ensino son exclusivas das comunidades autónomas, o Concello logrou o solo necesario e construíu os centros da Pardela (en 1994, por 30.182.224 pesetas), As Galeras (en 2002, por 51.495.544 pesetas), A Canteira (en 2005, por 797.785 euros) e conseguiu facerse co edificio da Casa Labarta en Mera para habilitalo como escola (en 2006, por 192.000 euros). O Concello asumiu integramente a xestión ata 2008, cando se lle traspasou á Xunta para que cumprise coas súas obrigas.

Froito dese esforzo municipal no eido da educación, a día de hoxe os pais e nais de Oleiros dispoñen de 317 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Cada praza ten un custo por curso de 4.500 euros, dos que o Concello financia 1.500 euros.



## INCUMPRIMENTO DE CONVENIO

Sen contar cos concellos, e no caso de Oleiros incumprindo o convenio asinado en 2008, a Xunta pretende que a achega económica municipal pase a ser o dobre da acordada. Nas escolas infantís, igual que acontece nos centros de día, a Xunta é quen decide todo: as políticas que se aplican, a contratación do persoal, a admisión de persoas usuarias... Non se conta coa opinión dos municipios para nada, ante o que o Concello recorreu esta resolución ante os tribunais do contencioso-administrativo.





# O Concello volverá organizar a cabalgata e instalará carruseis e unha pista de xeo



◆ O 5 de xaneiro os Reis Magos percorrerán as principais rúas de todas as parroquias para saudar os nenos e nenas de Oleiros. Igual que o ano pasado, os Reis desprazaranse nun autobús, decorado especialmente para a ocasión. Con antelación, informárase da ruta e dos horarios previstos.

Ademais, entre os días 22 de decembro e 7 de xaneiro haberá dúas zonas de divertimento infantil. En Perillo, na polideportiva da avenida da II República, instalarase unha pista de xeo e 2 carruseis. En Santa Cruz, na praza de Esther Pita, tamén se instalarán 3 carruseis.



## Inaugurada a praza Emilio Siso, en Cabreira



◆ O pasado mes de agosto celebrouse o acto de inauguración da praza Emilio Siso Vecino, un recoñecemento a un veciño de Maianca que dedicou o seu tempo e a súa arte a engalanar espazos públicos do Concello. Formado como caniteiro no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, acabou sendo un grande artista na talla da pedra.

Siso creou gratuitamente para o Concello diversas obras esculpidas en pedra que adornan moitos lugares públicos de Oleiros: fonte e escalinata da igrexa de Liáns, as fontes e bancos da entrada da Casa do Concello, o monumento a Rigoberta Menchú, as fontes de Canaval e da Barreira, A Perla na fronte de Mera... Ademais da súa obra, foi mestre no obradoiro de cantería durante moitos anos ata que se trasladou a Asturias por asuntos persoais.

## Cedido un local de Río da Loba ao Coro de Oleiros ▶

◆ O Coro de Oleiros xa dispón dun espazo nas antigas escolas de Río da Loba para desenvolver as súas actividades, ensaiar e reunirse. Estes edificios foron rehabilitados para un mellor aproveitamento por parte das entidades culturais e sociais.





# As contas pendentes da Xunta en Oleiros

■ Hai diversas actuacións de competencia autonómica que se atopan á espera de realización. Nos casos nos que resulta preciso, o Concello colabora coa Xunta para executar ou dispoñer das infraestruturas e servizos que lle corresponden aos veciños e veciñas de Oleiros.

## ABASTECIMENTO DE AUGA ▼



■ A Consellería de Infraestruturas aínda non contratou as obras de mellora das redes de distribución de auga na comarca, que contarán coa colaboración dos concellos de Cambre, Sada, Bergondo e Oleiros. Para garantir a subministración nas distintas redes municipais resulta preciso aumentar a sección das tubaxes que abastecen os concellos e crear novos depósitos.

## VÍA ÁRTABRA ▼



■ Esta infraestrutura viaria, ideada para comunicar os concellos da comarca da Coruña desde Lorbé ata a A-6 na Rocha, atópase paralizada. A obra que estaba a realizarse desde a N-VI ata a AP-9 interrompeuse por completo ao aparecer no trazado a condución xeral de gas que atravesaba Galicia e as liñas eléctricas, que incomprensiblemente non estaban contempladas no proxecto. Tamén está pendente por parte do Ministerio a autorización de entroncamento coa AP-9.

## AVENIDA ISAAC DÍAZ PARDO ▼



■ Varios accidentes recentes poñen de manifesto a urgente necesidade de dotar de beirarrúas esta avenida. O Concello solicitou en reiteradas ocasións á Xunta a dotación e mellora das actuais sendas no tramo comprendido entre Coruxo e a rotonda das Pedreiras. Ademais do elevado volume de tráfico de vehículos e do estreitamento da calzada, a ambas marxes desta estrada residen máis de 1.200 veciños e veciñas. Centos de persoas desprázanse a pé a diario por este tramo, incluído parte do alumnado do Colexio Cristo Rei e do IES María Casares.

## RÚA DOUTOR FLEMING ▼



■ Na estrada xeral entre Mera e Lorbé, o tramo que vai desde a igrexa de Serantes ata o desvío cara a Dexo carece de beirarrúas en ambas marxes. As existentes na actualidade foron construídas polo Concello ante a pasividade da Xunta de Galicia.

## PORTO DE LORBÉ ▼



■ A Xunta executou xa varias fases da vía Ártabra, deixando sen facer os últimos 200 metros de conexión co porto de Lorbé, onde está previsto a creación dun aparcadoiro para mellorar os actuais accesos e a instalación dun bombeo de augas residuais para evitar que as poucas casas que hai na zona e as empresas vertan directamente ao porto. A Consellería do Mar dispón de todo o solo necesario e debe actuar de inmediato para acabar coas verteduras e crear os aparcadoiros para mariñeiros e empresas portuarias.

## PORTOS DE SANTA CRUZ E MERA ▼



■ O Concello ten solicitada á Consellería do Mar a cesión de ambos peiraos, coa reparación previa de todos os danos existentes. A día de hoxe, estes portos non cumpren a función para a que foron creados, formando parte das zonas de paseo e ocio de Santa Cruz e Mera.

## NOVO CENTRO DE SAÚDE ▼



■ A planta baixa da Casa do Mar de Mera funciona de consultorio médico para toda a zona norte do municipio, sen chegar a cubrir as necesidades sanitarias da poboación. A planta alta do edificio atópase pechada e dispón do espazo suficiente para poder ampliar o servizo e incrementar o número de profesionais médicos para unha correcta atención dos veciños e veciñas de Maianca, Serantes e Dexo.

## CENTRO DE DÍA ▼



■ Un total de 9 persoas maiores atópanse en lista de agarda –nalgún caso desde hai meses– á espera de poder acceder ao Centro de Día das Galeras, cando conta con 17 prazas libres. O Concello está pagándolle á Xunta o 30% dos gastos, como se estivesen atendendo as 60 persoas usuarias de capacidade máxima do centro. Un servizo tan necesario para as familias e o benestar social non pode infrautilizarse por cuestións burocráticas da Xunta.

## PROFESORADO DE APOIO ►

■ Diversos centros de ensino público do municipio carecen do número necesario de profesores e profesoras de apoio para unha correcta formación do alumnado con necesidades especiais. Respecto ao curso pasado, producíronse importantes recortes do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.





## Os nenos e nenas de Guatemala reciben o material escolar enviado desde Oleiros

◆ O alumnado do colexio CEPAC Champerico, na costa pacífica de Guatemala, recibiu hai uns días o material escolar enviado por parte do Concello: cadeiras, pupitres, encerados e diversos elementos educativos útiles para o centro que nas escolas de Oleiros non estaban a ser utilizados. O envío realizouse mediante a Fundación NovaPescanova, entidade coa que o Concello ten un acordo de colaboración.



## Proxecto en Guinea-Bissau para dotar de auga potable unha comunidade ▼

◆ O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do que forma parte o Concello, acaba de poñer en marcha un proxecto de 10.000 euros para subministrar auga potable a máis de 250 familias da comunidade de Cassaca, en Guinea-Bissau. Esta localidade sitúase na illa de Pecixe, que se caracteriza pola súa riqueza natural e cultural pero onde a poboación vive na extrema pobreza e carece dos servizos máis básicos. Neste contexto, o goberno rexional de Cacheu solicitou apoio para construír un pozo de auga e a súa respectiva fonte pública, que funcionará cunha motobomba alimentada a través de paneis solares. Todo isto de acordo cos comités locais, que ademais de poñer o terreo a disposición, implícanse na supervisión do proceso e no mantemento da nova infraestrutura.



As obras xa están avanzadas e complementáanse con análises para comprobar a calidade da auga, o deseño dun modelo de xestión por parte da veciñanza e accións para sensibilizar sobre hábitos de hixiene e o correcto emprego do recurso hídrico. Deste xeito, agárdase minguar a incidencia de doenzas infecciosas e diarreicas, así como reducir o tempo e os esforzos que mulleres e nenas dedican cada día á ardua tarefa de carrexar auga.

## Un concello vivo

## O Goberno municipal demanda que a ONU protexa a activista saharauí Sultana Jaya



◆ O pleno da corporación aprobou unha moción en defensa da vida de Sultana Jaya que xunto coa súa familia está sendo sometida a malos tratos físicos e psicolóxicos polas súas reivindicacións pacíficas a prol da autodeterminación e independencia do pobo saharauí. O Concello solicitou á ONU que actuase para protexer a vida de Sultana Jaya e a da súa familia, que viven asediados, illados e confinados polas forzas de ocupación marroquí, e ademais demandou o Goberno central que esixa a Marrocos o respecto ao Dereito Internacional Humanitario.

Sultana Jaya é unha das caras máis visibles das zonas ocupadas do Sáhara Occidental que reivindica de forma pacífica a autodeterminación e independencia do pobo saharauí ante a ocupación marroquí.

## Cooperación coa illa da Palma ▼

◆ Unha vez finalice a erupción volcánica que está a asolar a Palma e se coñeza a situación definitiva na que queda o territorio, o Goberno municipal vai dirixirse aos concellos máis afectados para ofrecer a posible colaboración do Concello de Oleiros. Trataríase de abrir algunha vía de cooperación nalgún proxecto axeitado ás necesidades inmediatas existentes.



# Inaugurada a pista de patinaxe de velocidade de Bastiagueiro ▼



◆ Oleiros xa dispón dunha pista de patinaxe de velocidade de titularidade municipal en Bastiagueiro. A instalación está preparada para adestramentos e celebración de campionatos estatais e internacionais deste deporte, no que o club SDC Rabadeira atesoura unha longa traxectoria con importantes triunfos a nivel estatal e internacional. O investimento realizado polo Concello para a creación desta instalación foi de 439.103,24 euros.

# Comeza o primeiro curso da Escola Municipal de Golf con 80 nenos e nenas ▼




◆ Para que todos os nenos e nenas do municipio dispoñan dunha nova actividade deportiva, o Concello fixo valer o dereito de uso que ten sobre o novo Campo de Golf de Xaz e que foi estipulado en escritura pública. Así é que se puido asinar un convenio de colaboración coa empresa que xestiona o campo para crear a Escola Municipal de Golf.

O custo mensual da escola oscila entre 17 e 8 euros, en función das idades. O Concello achega todo o material necesario para a actividade aos 80 nenos e nenas que están a participar desde comezos de outubro.



## Lucas Yáñez, campión do mundo de patinaxe artística



◆ O patinador de Dorneda proclamouse campión do mundo júnior de patinaxe artística en Paraguai tras superar a todos os seus rivais tanto no programa curto, coma no longo. Ademais deste ouro, en 2021 Lucas Yáñez foi campión de España e subcampión de Europa.

## Medalla de bronce para Andrés Prieto no Campionato de Europa ▼



◆ Andrés Prieto Villar logrou a terceira posición no Campionato de Europa júnior de triatlón por seleccións. Ademais, acaba de participar no Mundial que se celebrou na localidade portuguesa de Quarteira, acadando a 10ª posición.

## José Manuel Sánchez consegue un 5º posto no Mundial de Piragüismo ▼



◆ Nunha nova participación mundialista, o padexeiro de Oleiros rematou nunha excelente 5ª posición, compartindo embarcación con Óscar Graña. Nesta ocasión Sánchez non puido subir ao podio pero si volveu amosar que continúa na elite do piragüismo internacional, na especialidade de C2 maratón.

## Manu Taibo volve proclamarse campión de Europa de patinaxe de velocidade ▼



◆ Manu Taibo non deixa de conseguir triunfos a nivel internacional. No último Campionato de Europa ganou tres medallas: unha de ouro, unha de prata e unha de bronce. Ademais desprazouse recentemente a Alemaña ao ser convocado pola selección española para formar parte do equipo que competirá nas próximas citas internacionais de velocidade de patinaxe sobre xeo.



## Julia Benedetti ocupa a 16ª posición nos Xogos Olímpicos ▼



◆ Con tan só 16 anos, a patinadora Julia Benedetti competiu nos Xogos Olímpicos de Toquio na modalidade de skateboard e foi 16ª. Benedetti foi a primeira muller en representar a España nesta modalidade nunha cita olímpica.

## Lilí, Lis e Tom son distinguidos como adestradores de honra



◆ A Federación Galega de Fútbol fixo entrega dun recoñecemento pola súa labor no fútbol modesto a Eligio Nogueiras López, Antonio Luis Rey Moscoso e Jose Manuel Suárez Lago. Estes tres veciños do municipio, coñecidos como Lilí, Lis e Tom son os adestradores máis veteranos do fútbol coruñés.

## Primeira bandeira de traíneiras feminina para Perillo ▼



◆ O Club de Regatas Perillo completou unha magnífica tempada de traíneiras finalizando a Liga Galega feminina en terceira posición. Ademais, ganaron a VI Bandeira feminina Concello de Redondela, a primeira vitoria en regata oficial e categoría feminina da historia do club.

## As sénior do Acordes campioas da Copa España




◆ O equipo sénior absoluto do Acordes conseguiu a primeira posición na Copa de España de conxuntos de ximnasia. O equipo está formado por Silvia Montero, Paloma Smyth, Iria Álvarez, Sabela Martínez, Alicia García, Elena Torres e Carolina Villar.

## ● PISCINAS E XIMNASIOS MUNICIPAIS ▼

◆ Os complexos deportivos municipais de Perillo, Oleiros e Dorneda teñen as súas portas abertas a todos os veciños e veciñas. Ademais da piscina e das salas de musculación, existe un amplo abano de actividades dirixidas por persoal técnico especialista. Tamén hai cursos de natación para todas as idades, tanto de verán como de inverno.

**MÁIS INFORMACIÓN:** [www.centrosdeportivosoleiros.es](http://www.centrosdeportivosoleiros.es)





# Volven estar dispoñibles as casas municipais de préstamo ▼

■ *Todas as persoas empadroadas no municipio teñen á súa disposición as casas da praia de Bastiagueiro, Etcheverry, A Gardesa e Agramar para a celebración de reunións ou festas. Tamén é posible solicitar os salóns das casas do pobo, sempre e cando non estean ocupados con actividades municipais ou das entidades.*




◆ Para as casas da praia de Bastiagueiro e Etcheverry terán prioridade as persoas menores de 30 anos. As solicitudes deberán realizarse mediante o formulario colgado na páxina web do Concello e presentarse a través da Sede Electrónica ou no Rexistro Municipal da Fábrica, en horario de 8:30 a 14:00 horas, entre unha semana e dous meses de antelación á data solicitada. A adjudicación da casa farase mediante sorteo.

A Casa da Gardesa de Santa Cruz, a Casa de Agramar en Perillo e a Casa do Pobo de Mera –esta última só os domingos- prestaranse para realizar festas de aniversarios infantís e reunións familiares. A solicitude deberá realizarse mediante o formulario colgado na web e presentarse no rexistro municipal da Fábrica, en horario de 8:30 a 14:00 horas. A adjudicación realizarase por rigorosa orde de rexistro.

## As casas da mocidade seguen a ofertar numerosas actividades ►

◆ Ademais das casas municipais de préstamo, a mocidade de Oleiros dispón de dous centros que están abertos todas as tardes, de luns a sábado. A Casa da Mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castelao, 5) e a Casa da Mocidade das Pedras (avenida Rosalía de Castro, 114) son espazos aos que pode acudir calquera mozo ou moza para conversar, xogar á videoconsola, ao billar, ao fútbolín, ler un libro, conectarse a internet... Ademais diso, prográmanse actividades gratuítas. Durante as próximas semanas está previsto que se desenvolvan cursos de total body, escape rooms, obradoiros de repostería, "Mociradio", decoración con xeso, quidditch ou teatro, entre outras.

Todas aquelas persoas interesadas en obter máis información poden dirixirse persoalmente a algún dos dous centros, chamar aos teléfonos 981 614 083 ou 981 977 944, consultar as redes sociais das casas da mocidade ou enviar un correo electrónico a [pix.aspedras@gmail.com](mailto:pix.aspedras@gmail.com).





## Activación do carné xove en Oleiros ▼

◆ Todos aqueles mozos e mozas que reciben nos seus domicilios o carné xove poden acudir á Fábrica ou á Casa da Mocidade de Santa Cruz a activalo. Esta tarxeta dá acceso a descontos e vantaxes en múltiples entidades e establecementos en Galicia, en España e en todos os países da Unión Europea.

## Programa municipal de clases apoio contra o fracaso escolar

◆ O Concello ten en marcha o programa de reforzo escolar PRAEMO, dirixido ao alumnado dos centros de ensino público de Oleiros de primaria e secundaria. O obxectivo principal desta acción é previr o fracaso escolar entre os escolares e garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. As clases xa están en marcha e desenvólvense na Casa da Cultura de Perillo, na casa do pobo de Nós, no Centro Social da Lagoa de Mera e no Centro Cívico de Santa Cruz.

## Manuel Silva e Pedro Peteiro reciben o premio Xuventude Crea



◆ Dous mozos de Oleiros resultaron os ganadores do primeiro premio do certame autonómico Xuventude Crea por facer un videoxogo. *Misery*, de Manuel Silva e Pedro Peteiro, foi considerado a mellor creación realizada por mozos en Galicia neste 2021.

## A mocidade coñece as ONG e entidades sociais máis próximas no I Encontro Mocidade Voluntaria ▼



◆ Unhas vintena de ONG e entidades sociais do municipio e da comarca participaron no I Encontro Mocidade Voluntaria, unha xornada dirixida a que a mocidade puidese coñecer aquelas entidades máis próximas que contan con persoas voluntarias por se puidesen espertar o seu interese de colaboración. Ademais dos postos informativos de cada unha das entidades, houbo mesas redondas e charlas sobre voluntariado e cooperación; actuacións musicais e a gravación en directo do programa *Mociradio*, que elabora un grupo de mozas e mozas e se emite a través das redes.

## Sara Álvarez publica a súa primeira novela ▼



◆ Sara Álvarez Fernández é una veciña de Dorneda que con 23 anos xa ten publicada a súa primeira obra literaria. *Vuelve, quédate aquí* é un romance de adolescencia diferente con amores platónicos e inalcanzables que Giselle, a protagonista, si que consegue alcanzar.

## Nova convocatoria do Premio Literario Descubrindo Oleiros

O vindeiro mes de decembro volve o Premio Literario Descubrindo Oleiros, un concurso de relatos onde o concello é o pano de fondo das obras presentadas. Con este premio o Concello promove o uso da lingua, fomenta a creatividade e dá a coñecer lugares e a historia do municipio.

Este certame chega á súa oitava edición incorporando unha nova categoría, para persoas adultas, pois ata o de agora había catro categorías todas para alumnado de 3º a 6º de primaria e da ESO. Para favorecer a participación no concurso organizouse un obradoiro de escritura creativa impartido por Antía Otero.





## Contacontos para nenos e nenas en todas as bibliotecas municipais ▼

◆ Durante o mes de novembro, as bibliotecas municipais de Oleiros continúan ofrecendo diferentes sesións de contos dirixidos a nenos e nenas maiores de 6 anos. Para participar é **imprescindible reservar praza previamente**. As solicitudes poden realizarse presencialmente en cada unha das bibliotecas ou mediante unha chamada telefónica ao número 981 610 000.

### • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

- ▶ **Día 18** (18:30 horas): *Eu non quero* con **Ana Carreira**
- ▶ **Día 25** (18:30 horas): *Contos de cores* con **Eduvía Xestión Cultura e Lecer**

### • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

- ▶ **Día 17** (18:30 horas): *Contos do mundo: Irene nos Andes* con **Solidariedade Internacional de Galicia**
- ▶ **Día 24** (18:30 horas): *En busca dos monstros* con **Trémola Teatro**

### • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

- ▶ **Día 26** (18:30 horas): *Imos de viaxe* con **Ramiro Neira**

### • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Entre bechos anda o conto* con **Galeatro**

### • BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

- ▶ **Día 19** (18:30 horas): *Pipo o paxaro que non sabía voar* con **Trémola Teatro**

### • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

- ▶ **Día 16** (18:30 horas): *Pouco a pouco* con **Ramiro Neira**
- ▶ **Día 30** (18:30 horas): *A pé, a pata, en caixón ou fragata* con **Ana Carreira**

### • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

- ▶ **Día 30** (18:30 horas): *A princesa que escapou do Castelo* con **Lía Magalia**

## Concertos e contadas para os máis pequenos



◆ Dentro da programación do Apego, están programados diversos espectáculos para **nenas e nenos de 0 a 6 anos**. As entradas son gratuítas, mais hai que reservala facendo a correspondente inscrición a través dun formulario habilitado na web municipal.

- Contada (4-6 anos) / **Naturizo e o espírito do bosque**  
**Domingo 21 de novembro, ás 12:00 horas - A Fábrica**

Naturizo é un ourizo cacho que vive na Serra de San Mamede. O público terá que reconstruír a primavera para espertalo.  
**Inscricións** desde o 15 de novembro na web municipal.

- Concerto (2-6 anos) / **Dobre extra!**

**Domingo 28 de novembro, ás 12:00 horas - Auditorio Gabriel García Márquez**  
Espectáculo de *Paco Nogueiras e Marc Taeger* que combina cancións e interpretacións cos rexistros máis divertidos.  
**Inscricións** desde o 22 de novembro na web municipal.

- Contada (2-6 anos) / **Onde nacen as apertas?**

**Sábado 11 de decembro, ás 18:00 horas - A Fábrica**

*Bea Pena*, mestra da Escola Infantil A Canteira, presenta e fai a contada do seu primeiro libro.  
**Inscricións** desde o 7 de decembro na web municipal.

- Concerto (1-6 anos) / **Ris Ras**

**Sábado 18 de decembro, ás 18:00 horas - A Fábrica**

Espectáculo de *Baobab Teatro* que combina música, xogos, enredos, e historias tradicionais da man dun trasno.  
**Inscricións** desde o 13 de decembro na web municipal.

# CONTRA O RACISMO

# POLA DIVERSIDADE ▶





# Cultura para todas e todos ▼

■ Durante as próximas semanas continúa a programación municipal de teatro, cine e danza.

## TEATRO/MÚSICA:

### O neno Groba e Música

● Venres 19 de novembro, ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Esta peza teatral fai unha viaxe polas vivencias do compositor e director Rogelio Groba, desde a súa primeira infancia ata a súa volta ao seu lugar natal.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 2,50 euros.**



## CINE: Mientras dure la guerra

● Domingo 28 de novembro, ás 19:30 horas

Teatro As Torres, Santa Cruz

O célebre escritor Miguel de Unamuno decide apoiar publicamente a sublevación militar. Mentres, o xeneral Franco inicia unha campaña para facerse co mando único.

■ As entradas poñeranse á venda ás 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 2,50 euros.**



## TEATRO: As virxes salvaxes

● Sábado 20 de novembro, ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

**As virxes salvaxes** é unha comedia sobre a absurda pero necesaria situación de recluir os nosos maiores en institucións que os atendan e coiden.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 5 euros.**



## DANZA: Figuras do Limiar

● Sábado 4 de decembro, ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Novo proxecto de Javier Martín, coreógrafo e bailarín galego con 15 anos de traxectoria profesional, recoñecido polas súas achegas innovadoras.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 2,50 euros.**



## CINE: La reina de España

● Domingo 21 de novembro, ás 19:30 horas

Teatro As Torres, Santa Cruz

Macarena Granada, a gran estrela americana de orixe español, retorna para encarnar a Isabel a Católica. A súa chegada desata acontecementos que poñerán a proba a rodaxe da superproducción.

■ As entradas poñeranse á venda ás 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 2,50 euros.**



## Concerto de Nadal das corais do municipio ▼



◆ O domingo 19 de decembro, ás 19:30 horas, celebrárase o Concerto de Nadal de Corais do municipio no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera. Participarán a Coral Polifónica de Mera, a Coral Polifónica Airiños de Nós, a Coral Polifónica Lembranzas de Santa Cruz, o Coro Tradicional Dorna e o Coro de Oleiros.

## Festivais de Nadal das Escolas municipais ▼

Todas as actuacións celebraranse no Auditorio Gabriel García Márquez

### Escola Municipal de Música:

- **Big Band:** sábado 11 de decembro, 20:00 horas
- **Orquestra de Cordas:** venres 17 de decembro, 20:00 horas.

### Escola Municipal de Danza:

- **Xove Ballet:** domingo 12 de decembro, 12:30 horas
- **Danza clásica:** sábado 18 de decembro, 12:30 horas
- **Danza contemporánea e danzas urbanas:** sábado 18 de decembro, 18:00 horas.





## TRIBUNA ABERTA

▪ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

### **Máis pediatras para os nenos**

Durante os últimos meses a moitos políticos do Partido Popular de Galicia se lles enche a boca falando de sanidade. Aparecen constantemente nos medios de comunicación predicando as bondades da súa xestión, cando a realidade é outra ben distinta.

Falando do que hai aquí ben preto, no caso concreto da zona norte do Concello de Oleiros o servizo que se presta na Casa do Mar é moi deficiente. E non por culpa dos profesionais, senón porque o persoal que hai é totalmente insuficiente.

Como é posible que os nenos só teñan pediatra dous días á semana un par de horas? Que vaias vacinar a un neno e non che poñen a vacina por que non hai pediatra nese momento no que che citaron? Esas e moitas outras cousas provocan grandes trastornos aos pais, prexudican a outros centros médicos próximos e o peor de todo, non se atende aos nenos como é debido.

Se queremos unha atención primaria boa, que evite colapsos de centros hospitalarios, está claro que este modelo do Partido Popular non funciona. Recorten no que queiran, pero non na nosa saúde, e moito menos na dos nosos nenos e nenas.

**D.F.L. – Dexo**

### **Beirarrúas xa!**

Durante os últimos meses, os veciños dos Regos estamos a ver

como a avenida Isaac Díaz Pardo está a converterse nunha estrada moi perigosa con moitos accidentes de tráfico. O problema é que hai varios tramos sen beirarrúas e esas saídas de vía dos coches poden acabar provocando unha desgracia maior.

Levo escoitando ao señor alcalde denunciando esta situación varias veces, reclamando que a Xunta faga a obra de beirarrúas. Ata o momento nada de nada. O único que saíu na prensa foi que ían tapar as cunetas dun tramo... vaia por Deus! Esa non é solución. Xunta de Galicia aborden este asunto e déixense de parches.

**Antonio González – Os Regos**

### **Paraíso democrático**

Unha vez máis vemos como as persoas migrantes, que escapan das penurias que se viven nos seus países, son utilizadas por gobernos e estados como medida de presión ou método de ataque. Sucedeu hai un par de meses en Ceuta, cunha operación perpetrada por Marrocos, utilizando maioritariamente a menores, para atacar a España e crearlle grandes problemas.

Agora volve acontecer o mesmo na fronteira entre Bielorrusia e Polonia. Centos de persoas durmindo á intemperie son recibidas no paraíso democrático da Unión Europea polo exército polaco, que non dubida en empregar a forza mentres os bebés morren de frío. E ademais xa están pensando en levantar un muro.

Os Gobernos da Unión de Europea, que moitas veces falan de incumprimento de dereitos humanos en determinados países que non lles son afíns, deberían tomar unha postura conxunta para evitar este tipo de acontecementos, absolutamente deleznable. Non se pode xogar coa vida das persoas. Ningún ser humano é ilegal.

**A.C.T. – Mera**

### **Necesitamos internet!**

Días atrás, a prensa anunciaba que España sería o primeiro país da Unión Europea en contar con banda ancha en todas as vivendas. Dicían que no 2025 todos os fogares terán conexión a internet de fibra óptica.

Unha boa noticia, desde logo que si. O que sucede é que ata o 2025 aínda quedan catro anos polo medio e, polo visto ata o de agora, as compañías non están pola labor de dotar de conexión a todas as vivendas de Oleiros.

En Lorbé estamos a sufrir un abandono total por parte tanto de R como de Telefónica. Como se soe dicir, unha pola outra e a casa sen barrer. Fan o que lles dá a gana, cobran subvencións e despois non cumpren as súas obrigas, mentres o Goberno central mira cara outro lado.

Non podemos agardar ata o 2025 para ter unha conexión decente a internet. Os trámites administrativos, o traballo, o curso escolar,... non pode agardar 4 anos.

**María González – Lorbé**



**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201



**37.709**  
*habitantes empadroados/as!*

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 11 de novembro**

DEXO (Santa María)	1.443
DORNEDA (San Martiño)	3.652
IÑÁS (San Xurxo)	1.305
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.945
MAIANCA (San Cosme)	1.578
NÓS (San Pedro)	4.922
OLEIROS (Santa María)	3.230
PERILLO (Santa Leocadia)	9.013
SERANTES (San Xulián)	1.631

**TOTAL 37.709**

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333**

Aeroporto de Alvedro  
**981 187 200**

Estación autobuses A Coruña  
**981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo  
**902 432 343**

**LORBÉ ■ O BURGO**

**2652**

**> SAÍDAS**

Cal Pita - Eliseo Pita

**REGRESOS <**

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932</li> </ul>	Do 19 ao 25 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165</li> </ul>	Do 26 de novembro ao 2 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Centro comercial de Iñás) • Teléfono: 981 619 337</li> </ul>	Do 3 ao 9 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LAURA FREIRE QUINTAS Rúa Areal, nº 17, locais 2 y 3 (Perillo) • Teléfono: 981 305 417</li> </ul>	Do 10 ao 16 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027</li> </ul>	Do 17 ao 23 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937</li> </ul>	Do 24 ao 30 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024</li> </ul>	Do 31 de decembro ao 6 de xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890</li> </ul>	Do 7 ao 13 de xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ALBERTO UREÑA ÁLVAREZ Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503</li> </ul>	Do 14 ao 20 de xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440</li> </ul>	Do 21 ao 27 de xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184</li> </ul>	Do 28 de xaneiro ao 3 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845</li> </ul>	Do 4 ao 10 de febreiro

**Querida lúa**


**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	19 novembro/19 decembro/17 xaneiro
<b>Mingua</b>	26 novembro/26 decembro/24 xaneiro
<b>Nova</b>	4 decembro/3 xaneiro/1 febreiro
<b>Medra</b>	11 decembro/10 xaneiro/8 febreiro



## Verde que te quiero verde ▼

• *Bosque de Xaz, novo gran parque público natural*



◆ Todos os veciños e veciñas dispoñen dunha nova grande área natural pública en Dorneda. Este bosque municipal ocupa unha extensión de 180.000 metros cadrados, entre a estrada Dorneda-Oleiros e a vía Ártabra.

Para facilitar o uso e gozo por parte de toda a cidadanía, creáronse diversas sendas interiores e instalouse mobiliario urbano. Previamente, realizouse unha importante limpeza de maleza e procedeuse á eliminación de eucaliptos para favorecer a masa forestal autóctona.



*O solo deste gran bosque foi adquirido gratuitamente polo Concello a través do desenvolvemento da urbanización de Xaz*

